



Organizado pola Sección Galega da Sociedade
Española de estudos clásicos

CONCURSO DE CULTURA CLÁSICA ODISEA 2024

GALICIA



galego ▼

Un ano máis o alumnado de Cultura Clásica, Grego e Latín participou nun evento que esperamos se convirta en tradición no noso centro: o concurso Odisea, un "clásico" xa nas aulas, que partiu da idea orixinal de dúas compañeiras do IES "David Buján" de Cambre, ata extenderse ao resto de comunidades.

Durante os días que durou o certame, o noso alumnado compartiu a cultura grecorromana, poñendo a proba os seus coñecementos e cunha participación exemplar e rifada, aínda que este ano algunhas preguntas atragoáronos, xa que de manxares ía a cousa e estaba todo tan bo que non nos puidemos resistir...

Todas e todos gozamos moito investigando o moito de si que pode dar un prato e grazas a imaxinación da rapazada, que ao principio mantívose nos primeiros postos, ata que as preguntas fóronse complicando no avance do concurso, e, aínda que non obtivemos premio desta vez, quedámonos co tempo, coñecementos e retos compartidos.

Parabéns *discipulae et discipuli* e moita sorte aos compañeiros dos centros que pasan á final, e tamén a SEEC por facer de iniciativas coma esta, todo un éxito! O ano que vén repetimos!

Gratias vobis agimus καί εὐχαριστώ πολύ !

Adxuntamos nota de prensa para máis detalle:

[Concurso Odisea](#)